

PREGUNTA MÁIS FRECUENTE (FAQ). FAQ1


QUE É A CHOIVA ACIDA

A auga de choiva polo xeral é un pouco ácida porque leva diluído dióxido de carbono atmosférico. Esta acidez é cada vez maior, debido á emisión a atmosfera de certos contaminantes como dióxido de xofre e óxidos de nitróxeno. Contaminantes que emiten as centrais térmicas, industrias en xeral, tráfico, calefaccións... e estes óxidos convértense en ácidos na atmosfera e de aquí son arrastrados a terra pola choiva, neve.. formando o que se coñece como **choiva ácida**

A choiva ácida afecta a vexetación, provoca queimaduras, decoloración e caída anticipada de follas, frea o crecemento, ocasiona perda de flores e froito...

Nos ríos e lagos a choiva ácida é responsábel da morte de peixes e animais acuáticos.

Nos núcleos urbanos a choiva ácida causa danos nos edificios e monumentos, prexudica a pintura e aumenta a corrosión.



O pH da auga. Escala logarítmica de pH comprendida entre 0 e 14.

0	ácida	5.6	5.6	-7	7	7	básica	14
					neutra			

pH neutro=7. pH básico= Máis de 7 ate 14 pH ácido de 0 ate 7
pH a partir do cal se considera a choiva como ácida = 5.6
O pH da choiva ácida está comprendido de 0 ate 5.6.